


INFORME DE RESULTADOS DE SATISFACCIÓN PROPIOS DA FACULTADE DE HISTORIA

2023/2024

MC-05



1. Introducción

Este informe recolle todas as actividades específicas levadas a cabo para medir a satisfacción das usuarias e usuarios, e engloba unha serie de rexistros relacionados coa mesma temática, deixando excluídas as actividades de avaliación institucionais centralizadas pola Área de Calidade. Un obxectivo prioritario da Facultade de Historia, encadrado na xestión da calidade e a mellora continúa, é coñecer e analizar o grao de satisfacción do alumnado, coa finalidade de recoller as posibles necesidades e atopar unha solución eficaz.

Xunto aos mecanismos institucionais que manifestan a mesma finalidade (enquisas de satisfacción e as accións inseridas no PAT/ANEAE), a Facultade desenvolveu durante o curso 2023/2024 dúas actividades específicas que se recollen no presente informe. Estas accións só se dirixiron ao alumnado do grao en Xeografía e Historia e do plan conxunto en Turismo e Xeografía e Historia, posto que consideramos que este procedemento non é aplicable ao alumnado de mestrado, cun maior coñecemento da vida académica, e cremos que resultan suficientes os mecanismos institucionais xa mencionados.

2. Reunións periódicas do decano cos delegados/as de curso

Grupos de interese aos que vai destinada a enquisa ou o proceso de medición de satisfacción	Alumnado do grao en Xeografía e Historia nas seguintes modalidades: 1º Presencial 2º Semipresencial 3º Plan conxunto Turismo e Xeografía e Historia
Aspecto/cuestión que se somete a avaliación da satisfacción	Dinámica do Centro, desde a súa modalidade, e do seu respectivo curso
Responsable da actividade	Decano
Período de recollida de datos	Principio de curso, remate 1º e 2º cuatrimestre
Técnica de recollida de datos	Xuntanzas presenciais e/ou virtuais cos/coas representantes do alumnado

Obxectivos da avaliación

O principal obxectivo é obter información directa e periódica da dinámica do curso e da modalidade a través dos seus representantes. Considérase que este tipo de xuntanzas permite abordar aspectos distintos aos que de xeito prefixado se tratan nas enquisas e complementar a información recabada polos/as titores/as de curso. Asemade, entendemos que tamén facilita o acceso coa coordinación de Calidade para outros posibles imprevistos en datas diferentes.

Datos técnicos:

1. Poboación

Delegadas/os e representantes de alumnado.

2. Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)

A poboación coincide coa mostra, xa que en todos casos as xuntanzas se realizan cos representantes do alumnado escollidos/as polas súas compañeiras e compañeiros. As xuntanzas cos representantes do alumnado formalizadas en períodos concretos parten dunha convocatoria xeral a todos/as eles/as, pero no caso de que sexa preciso tratar unha problemática específica dun curso ou modalidade a xuntanza se realiza en exclusiva co seu/súa representante.

Asemade, se o alumnado solicita, ben de xeito directo ben a través daqueles/as unha xuntanza grupal máis ampla, se procede á convocatoria da mesma. Isto último adoita acontecer con relativa frecuencia no caso da modalidade semipresencial e do PCEO, xa que presentan unha problemática específica e, ademais, o seu relativamente reducido número facilita este tipo de contactos. No curso académico 2023/2024 só tivo lugar unha convocatoria aberta para o alumnado do PCEO, xa que o matriculado na modalidade semipresencial, o mesmo que aconteceu no curso anterior, non fixo uso desta posibilidade. A xuntanza celebrouse en formato mixto, presencial e mediante campus remoto polas facilidades de conciliación de horarios —especialmente problemáticos no caso deste alumnado— e con outro tipo de obrigas.

3. Tamaño da mostra (no seu caso, número de persoas entrevistadas ou número de participantes)

- Xuntanza inicial cos/as delegados/as do Grao en Xeografía e Historia: 16/10/2023. Asistentes: as delegadas de 2º e 3º e un representante da delegación de Alumnado. Non asistiu o delegado de 1º xa que nesas datas, malia a insistencia do coordinador do PAT e do titor de curso non elixiran aínda representante
- Xuntanza con alumnado e representantes PCEO: 15/01/2024. Asistentes: tres alumnas.
- Xuntanza de delegados/as do Grao en Xeografía e Historia: 05/02/2024. Asistentes: os/as delegados/as de 1º, 2º e 3º do Grao de Xeografía e Historia e un representante da delegación de Alumnado.
- Xuntanza de delegados/as do Grao en Xeografía e Historia: 24/06/2024. Asistentes: os/as delegados/as de 1º, 2º e 3º do Grao de Xeografía e Historia e unha representante do PCEO.

4. Metodoloxía, técnica ou modelo para a recollida de datos

A experiencia dos anteriores cursos académicos aconsellou empregar WhatsApp para formalizar as diferentes convocatorias cos/as delegados/as e os/as representantes da delegación

de alumnado. Asemade, e co fin de favorecer as canles de participación do alumnado, antes da celebración das Xuntas de Facultade, se lles preguntou por este medio aos seus representantes se desexaban propoñer a introdución dalgún punto na orde do día ou que se tratase algunha problemática específica que lles afectase, aínda que neste curso académico en ningún momento se fixo uso desta posibilidade.

Na xuntanza de principio de curso se explica o motivo do encontro e a periodicidade. Despois de comentar asuntos xenéricos, van intervindo sobre os temas que consideren. O decano toma nota e aqueles asuntos de interese se debaten na Comisión de Calidade e se se considera preciso en Xunta de Facultade.

5. Cuestionario, guión ou ferramenta empregada

As xuntanzas son globais con cada un dos colectivos. Non hai guión fixo, xa que depende do momento do curso, aínda que, como se apuntou, se lles pregunta especificamente aos seus representantes de curso cando se trata de transmitir inxerencias ou problemáticas concretas á Xunta de Centro.

Como estrutura podemos indicar os seguintes pasos:

1º Busca de horario compatible e convocatoria desde a secretaría do decanato ou, máis frecuentemente, mediante o grupo de WhatsApp.

2º Confirmación da asistencia a xuntanza.

3º Desde a coordinación de calidade se transmite, de habelas, novas de interese.

4º Debate aberto con intercambio de pareceres, solucións ou trámite á comisión de calidade e/ou Xunta de Facultade. No caso de que exista unha problemática específica con algún/unha docente, a coincidencia entre as figuras de decano e responsable de PAT facilita de xeito notable a comunicación entre as partes.

6. Resultados, análise e conclusión

Tanto o decano como o alumnado convocado, manifestan a súa satisfacción co sistema descrito. Porén, por terceiro ano consecutivo, unha parte do alumnado do Grao de Xeografía e Historia queixase, a través dos seus representantes, das múltiples enquisas que deben cubrir ou non consideran necesarias xuntanzas de tipo grupal. En particular, apuntan que lles resulta moito máis efectivo empregar WhatsApp para concertar unha cita co decano ou presentarse directamente no despacho cando teñen algunha problemática puntual que abordar en lugar de acudir a xuntanzas formalizadas. Dende o decanato se lles explica que, sen renunciar aos mecanismos descritos, a existencia de cando menos dúas xuntanzas formalizadas por curso resulta positiva, xa que as veces o intercambio de pareceres en grupo axuda a deseñar accións específicas sobre determinados aspectos susceptibles de mellora que, sen embargo, poden non ser identificados como problemáticos.

Nestes casos, o contacto directo e pautado tamén contribúe a xerar un ambiente de confianza e seguridade, e resulta grato o intercambio de opinións sobre as expectativas do novo curso, na primeira, e sobre a dinámica do curso a segunda e, no seu caso, posteriores. Como queira que sexa, confírmase a tendencia xa apuntada no anterior informe no senso dun

menor dinamismo e interese por parte das promocións de máis recente acceso ao Grao ata o punto de que só os representantes de alumnado que cursaron este ano académico 3º curso seguen mantendo un significativo nivel de implicación no día a día da Facultade.

3. Valoración da introdución de melloras no Anexo II do PAT

No curso académico 2022-2023 solicitouse a colaboración do alumnado para o deseño dunha nova ficha inicial de detección de necesidades do PAT que respondese dun modo máis efectivo á premisa de que o *Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo* da Facultade de Historia serva efectivamente para favorecer a integración de todo o alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas. En opinión tanto do equipo decanal como da coordinación do PAT-ANEAE a devandita ficha (Anexo II) non achegaba información suficiente nunha serie de apartados que resultaban necesarios tanto para unha mellor detección das mesmas como para a toma de decisións nunha serie de apartados que afectan ao Plan de promoción do Centro e a captación do alumnado. Por esta razón, propúxose tanto en Comisión de Calidade como en Xunta de Facultade, e así foi aprobado en ambas as dúas instancias, incorporar ao Anexo II do PAT os novos apartados non recollidos anteriormente a partires do curso 2022-2023.

Os resultados da nova ficha atópanse analizados in extenso no documento R2 DO-0203 P1 Informe_PAT_grao_Xeografía_Historia_2023_2024 ao que remitimos.

Asemade, de conformidade co anticipado no anterior informe, consideramos positivos os resultados obtidos coa potenciación do papel dos e das titoras/es do PAT de cada curso académico e do PCEO e, en particular, coa xuntanza inicial destinada a complementar ás dúas previstas ao remate de cada cuadrimestre co obxectivo de detectar máis precozmente posibles disfuncións ou problemas que se podan presentar dende un primeiro momento. Posiblemente o resultado da implementación desta acción de mellora, como aconteceu xa o pasado curso académico, explica que non fose preciso realizar xuntanzas de grupo que, como apuntamos, acordouse que só se convocarían no caso de seren solicitadas directamente polo propio alumnado ou a través dos seus representantes ou titores/as.